

ACTUALIZACIÓN DO PROTOCOLO BÁSICO DE ACTUACIÓN

LIGA MUNICIPAL DE FÚTBOL SALA

CONCELLO DE ARTEIXO

(Revisado a 14 de marzo de 2022)



ACTUALIZACIÓN DO PROTOCOLO BÁSICO DE ACTUACIÓN LIGA MUNICIPAL DE FÚTBOL SALA.

O Servizo Municipal de Deportes presenta o protocolo relativo á Liga Municipal de Fútbol Sala. Debido á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, as actividades deportivas sofren unha adaptación ás medidas recomendadas polas autoridades sanitarias.

A inscrición nas actividades non garante a súa continuidade ao longo do ano, podendo estas ser obxecto de modificación ou supresión, en adaptación ás indicacións sanitarias e normativa vixente ao respecto en cada momento.

No desenvolvemento das actividades teranse en conta os acordos do Consello da Xunta de Galicia, por ser esta a autoridade competente en materia sanitaria, así como as normas propias do Concello de Arteixo en canto ao uso das instalacións deportivas que son da súa titularidade. En concreto, aténdese ao establecido na ORDE de 22 de Outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, así como nas anteriores Ordes sempre e cando no foran derogadas por esta

“3.30. Celebración de eventos deportivos e outras actividades deportivas non federadas de carácter organizado como campus deportivos, campamentos deportivos, escolas deportivas e outras actividades análogas.

A celebración de eventos deportivos recollidos no artigo 22 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, poderá desenvolverse cunha ocupación máxima do oitenta por cento en interior e do cen por cento no exterior, sempre que o público asistente permanezasentado e se garantan as medidas establecidas no punto 1.3.

En todo caso, deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nas instalacións, de acordo co establecido no punto 1.3.

O uso de máscara será obrigatorio nos termos previstos no número 1.4.

Os organizadores dos eventos deportivos e actividades deportivas non federadas de carácter organizado, como campus deportivos, campamentos deportivos, escolas deportivas e actividades análogas, recollidas no presente punto, deberán contar cun protocolo específico no ámbito da COVID-19, que será trasladado á autoridade competente e comunicado aos seus participantes.

Os protocolos, elaborados baixo a responsabilidade dos organizadores, deberán axustarse, con carácter mínimo, aos requirimentos que sexan de aplicación á concreta modalidade deportiva segundo o establecido nos protocolos aprobados consonte a Resolución do 15 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se aproba o protocolo Fisicovid-Dxtgalego”.

1. ÁMBITO DE APLICACIÓN

O protocolo será de obrigada aplicación en todos os equipos participantes na Liga Municipal de Fútbol Sala do Concello de Arteixo.

2. MEDIDAS XERAIS PARA REDUCIR O RISCO DE CONTAXIO DA COVID-19

Todos os axentes que participan directa ou indirectamente na Liga Municipal de Fútbol Sala deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición a ditos riscos. Este deber de cautela e protección será igualmente exigible aos titulares de calquera actividade deportiva.

Tralo proceso de recollida de información e análise das potenciais situacións de contaxio e en atención ao sinalado polas autoridades sanitarias, establécense unha serie de recomendacións xerais, que están concretadas no Anexo I deste protocolo.

3. COORDINADOR/A COVID-19

O Concello de Arteixo poñerá en coñecemento de todos os equipos participantes da Liga Municipal de Fútbol Sala este protocolo, o cal é de obrigado cumprimento.

No caso de que se incumpra o protocolo, o Concello poderá impedirles a entrada nas instalacións deportivas municipais.

Co fin de garantir que se cumpre o establecido neste protocolo, cada entidade deportiva deberá entregarlle asinado ao Servizo Municipal de Deportes un documento de aceptación do protocolo. O documento achégase como Anexo II.

No documento de aceptación figurará a persoa que exercerá as funcións de Coordinador/a Covid-19, que será unha persoa do equipo que asumirá a responsabilidade de que se cumpran todas as medidas de protección da saúde establecidas tanto neste protocolo como no resto de normativa de aplicación, así como un teléfono de contacto de esa persoa.

4. COMUNICACIÓN DE CASOS POSITIVOS POR COVID-19

No caso de que un membro do staff, deportista, etc., teña sintomatoloxía do virus COVID-19, deberá informar de xeito inmediato ao servizo galego de saúde para iniciar o protocolo previsto pola Consellería de Sanidade (<https://coronavirus.sergas.es>). Neste senso, considérase sintomatoloxía do virus COVID-19 un cadro clínico de infección respiratoria aguda (IRA) de aparición súbita e de calquera gravidade, incluíndo febre, tose ou falta de alento, entre outros. Debe insistirse na importancia dunha autoavaliación diaria de posible sintomatoloxía por parte dos dirixentes, técnicos, axudantes, deportistas, acompañantes, público e voluntarios, antes de acudir a cada sesión de práctica deportiva.

En caso de detección dun sospeitoso por COVID-19 no entorno da práctica deportiva, deberanse seguir as pautas determinadas polas autoridades sanitarias. A persoa afectada retirárase do grupo e conducírase a outro espazo, facilitándolle unha máscara cirúrxica. Este espazo deberá ser elixido previamente, e debería contar con ventilación adecuada, e unha papeleira de pedal con bolsa, onde tirar a máscara e panos que se poidan desbotar. Contactarase co centro de saúde correspondente á persoa ou co teléfono de referencia (881 540 045), e seguirán as súas instrucións. Se se percibira gravidade chamarase ao 061. Haberá que realizar unha boa ventilación, limpeza e desinfección deste espazo e do resto das estancias onde estivera a persoa, acorde á situación do risco. Será preciso tamén illar o contedor/papeleira onde se depositarán os panos ou outros produtos usados. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito no lugar onde se determine.

En todo caso, seguiranse en todo momento as recomendacións das autoridades sanitarias.

5. DECLARACIÓN RESPONSABLE

Para a participación nas actividades deportivas será obrigatorio ter cuberto e firmado un documento de ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNES DE PARTICIPACIÓN, OBRIGA DE INFORMACIÓN E CONSENTIMIENTO INFORMADO, PARA PARTICIPAR NA ACTIVIDADE.

Este documento poderase descargar no momento da tramitación da inscrición na actividade, e será de aplicación a todos os estamentos: xogadores/as, corpos técnicos e árbitros/as.

6. NORMAS DE USO DAS INSTALACIÓNS

PERSOAL AUTORIZADO PARA ACCEDER ÁS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

O acceso ás instalacións deportivas municipais estará restrinxido a deportistas, técnicos/as dos equipos participantes e público, hasta completar un oitenta por cento da ocupación, sempre que o público permaneza sentado. En ningún caso os grupos poderán ser superiores aos establecidos na normativa autonómica.

LIBRO DE REXISTROS E CONTROL DA TEMPERATURA

Todos os días, á entrada da instalación, o/a Coordinador/a Covid-19 (ou no seu caso Delegado/a) fará un rexistro co nome e apelidos, hora de entrada, hora de saída e temperatura corporal de todas as persoas da entidade que accedan á instalación. Esta información recollerase nun Libro de Rexistros.

O Libro de Rexistros, que será deseñado por cada equipo, recollerá ademais todas as incidencias de seguridade ou sanitarias identificadas. Unha copia das devanditas incidencias remitiráselle ao Servizo Municipal de Deportes.

No caso de que a temperatura corporal supere os 37.4 grados, a persoa non poderá acceder á instalación deportiva. É dicir, está prohibido entrar nunha instalación deportiva municipal con 37.5 grados ou mais. O termómetro será facilitado pola organización da actividade.

MATERIAL DE PROTECCIÓN

Todos os participantes na actividade deberán portar a máscara en todo momento. Cada equipo deberá poñer a disposición dos xogadores e corpo técnico de máscaras de reposto que cumpran as especificacións técnicas e estándares de calidade marcados polo Ministerio de Sanidade. Non se poderá acceder ás instalacións sen máscaras de protección.

SAÍDA E ENTRADA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

Cada equipo poderá acceder ás instalacións deportivas unicamente nas horas marcadas no sinalamento dos partidos. Non obstante, mentres dure esta situación de Pandemia, a saída deberase producir no tempo necesario para evitar os contactos co equipo entrante.

En ningún caso poderá acceder un equipo a unha instalación deportiva municipal se o outro equipo aínda non abandonou o recinto. Nese caso, o persoal de conserxería impediralles a entrada ao equipo que corresponda.

USO DE VESTIARIOS E DUCHAS

Permítese o uso de vestiarios e aseos hasta un 100% da súa ocupación. Igualmente permítese o uso de duchas ata o 100% da capacidade, teñan ou non cabinas.

LIMPEZA E DESINFECCIÓN

O Concello de Arteixo encargárase da limpeza das instalacións deportivas municipais así como da desinfección que considere necesaria. Non obstante, cada entidade debe manter limpo e desinfectado o material (xa sexa propio ou cedido polo Concello). Neste sentido, está prohibido cuspir, tirar papeis, máscaras ou roupa no chan, etc.

MEDIDAS DE HIXIENE

- O uso de máscara será obrigatorio ata que unha disposición sanitaria así o indique
- Se un participante presenta algún síntoma (tose, febre, falta de aire) que poida estar asociado a COVID-19 ou estivo en contacto con algunha persoa que dera positivo en Covid-19 nos últimos 10 días, non pode asistir baixo ningún concepto ás actividades.
- As persoas participantes (xogadores, persoal técnico, equipo arbitral...) empregarán a máscara en todo momento e realizarán unha hixiene correcta das mans durante todas as actividades.
- As persoas participantes deberán levar a cabo a hixiene das mans ao chegar á instalación onde terá lugar a actividade. Como primeira opción, recoméndase o uso de auga e xabón sempre que sexa posible. Se non, utilizaranse xeles ou spray de desinfección.
- As persoas participantes deben levar a cabo a hixiene das mans ao comezo e ao final de cada actividade.

MEDIDAS DE HIXIENE DO MATERIAL E DA INSTALACIÓN

- Todo o material de uso compartido para as actividades será desinfectado con produtos axeitados antes do inicio das actividades.
- Todo o material de uso compartido será desinfectado durante a actividade e unha vez rematado polo persoal responsable da actividade.

- O persoal encargado de desinfectar o material realizará unha correcta hixiene das mans.
- Para a desinfección empregarase solución a base de hipoclorito ou disolución a base de etanol, en función das características do material a desinfectar.
- Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas por espazo de polo menos, 30 minutos ao comezo e ao final de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e, obrigatoriamente, ao finalizar cada actividade. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco elimitarase ao mínimo indispensable a función de recirculación do aire interior.

ANEXO COMPETICIÓN

O obxecto deste protocolo é levar a cabo unha identificación das situacións potenciais de risco de contaxio na práctica deportiva do fútbol sala atendendo ás vías recoñecidas polas autoridades sanitarias, e en base a iso establecer as medidas de prevención e tratamento de risco para cada unha desas situación, seguindo a metodoloxía FÍSICOCOV- DXTGALEGO da Secretaría Xeral para o Deporte no establecemento das medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado en Galicia. Este protocolo será de obrigada observancia para o conxunto dos participantes na Liga Municipal de Fútbol Sala do Concello de Arteixo

A Metodoloxía FÍSICOV- DXTGALEGO pretende establecer un sistema de traballo que lle facilite ao tecido deportivo galego, particularmente o federativo, a elaboración dos protocolos FÍSICOV- DXTGALEGO, que deben considerar os elementos constituíntes do tecido deportivo, tales como as actividades, deportistas, entidades, e recursos (humanos, materiais), para construír as maiores opcións de seguridade hixiénico-sanitaria e de sostibilidade de entidades e practicantes ante a COVID-19.

PROCEDIMENTO PARA A IDENTIFICACIÓN DE POTENCIAIS SITUACIÓNS DE CONTAXIO E MEDIDAS PARTICULARES DE PREVENCIÓN

Para a identificación das diferentes situacións potenciais de contaxio, debemos partir dos mecanismos de transmisión do virus reportados polas autoridades sanitarias, establecéndose para esta ferramenta un sistema de categorías interrelacionadas entre sí, para que o tecido deportivo determine unha a unha as posibles situacións concretas de potencial contaxio que se poideran dar en cada modalidade e especialidade deportiva:

- Atende a tres momentos: antes, durante, e despois da práctica.
- Considera aos axentes cos que pode haber contaxio: Staff propio, Deportistas, outros alleos.
- Identifica a vía de contaxio: Contacto, vía Aérea, compartir alimentos ou bebidas.



Seguindo a metodoloxía FISICOVID-DXTGALEGO, a RFGF identificou as potenciais situacións de contaxio en cada unha das especialidades deportivas da súa modalidade deportiva, establecendo medidas concretas para cada unha desas situacións de risco.

Estas situacións e as correspondentes medidas de aplicación a cada unha delas están recollidas no Anexo I no presente documento.

ANEXO I. MEDIDAS XERAIS CLAVE E MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O USO DA MASCARILLA

USO DE MÁSCARA EN TODO MOMENTO. NON SE PODERÁ QUITAR EN NINGÚN CASO. Toma de temperatura en cada encontro dos deportistas, staff técnico, auxiliares, etc. que interactúen. Manter a distancia de seguridade de alomenos 1,5 metros, sempre que sexa posible. Lavar con frecuencia as mans con auga e xabón ou con xel hidroalcólico. Hai que prestar especial atención a un posible uso inadecuado do xel hidroalcólico por parte dos menores para evitar accidentes, o que pode suceder por exemplo, cando despois de botalo nas mans as levan á cara, ollos, nariz ou boca.

VESTIARIOS. Permítese o uso de vestiarios

PÚBLICO. Permítese a asistencia de público

ASEOS.

- Atender ao establecido pola normativa en vigor e polo titular da instalación.
- Usar a máscara e manter a distancia de seguridade en todo momento.
- Respectar as quendas de uso para cumprir aforos e lavar as mans ou utilizar xel hidroalcólico ao entrar e ao saír

CONCIENCIACIÓN. Establecer medidas informativas de concienciación para deportistas, staff, etc. co obxecto de reducir o risco de contaxio na vida social (insistir en que se deben evitar aglomeracións, zonas con máis risco, incrementar medidas de protección en reunións familiares/sociais, etc...).

MEDIDAS ESPECÍFICAS RESPECTO DO USO DA MÁSCARA

- Reducir ó mínimo a manipulación da máscara de xeito que non se retire baixo ningún concepto durante a práctica con contacto no adestramento/competición, excepto para repoñela ou corrixir axeitadamente a súa colocación.
- En caso de que sexa necesario manipular a máscara deberase facer unha desinfección de mans con xel hidroalcólico.
- Todo participante na actividade deportiva (deportista/staff) deberá levar sempre unha ou varias máscaras de reposto. Será obrigatorio trocar de máscara unha vez finalizado o partido
- Seguiranse de forma estrita as indicacións ditadas polo fabricante ó respecto do lavado e conservación da máscara.
- Unha vez alcanzada a vida útil da máscara, desbotarase axeitadamente.
- A entidade organizadora da competición deberá contar sempre con máscaras de reposto suficientes.
- Os adestradores incidirán na correcta colocación da máscara durante as tarefas.

- Cada entidade organizadora do adestramento/competición debería desenvolver un proceso formativo práctico básico sobre o uso da máscara na práctica deportiva para o seu staff e deportistas.

INDICACIÓNS SOBRE A PRÁCTICA DEPORTIVA CON CONTACTO FÍSICO E CON MÁSCARA.

- Establecer grupos de competición de composición estables
- Realización diaria de autotest (temperatura, tos, cansancio) por parte dos deportistas, staff técnico, auxiliares, etc. antes de dirixirse cara o lugar da práctica, que interactúen na competición.
- Toma de temperatura en cada competición dos deportistas, staff técnico, auxiliares, etc. que interactúen no adestramento/competición.
- Regulación e control dos tempos de aproximación e contacto.
- No caso da competición, valorar adaptacións que diminúan ao máximo a exposición ao risco en canto a proximidade, intensidade, tempo, duración acumulada, pausas, densidade de persoas nas accións, etc.

PARTIDOS. POTENCIAIS SITUACIÓNS DE CONTAXIO E MEDIDAS CONCRETAS PARA CADA UNHA DESAS SITUACIÓNS DE RISCO

MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDAS PROPOSTAS
Antes			Celebración de partidos simultáneos e/ou consecutivos na mesma instalación.	No caso de non utilizar os vestiarios, poderán celebrarse partidos de modo simultáneo/consecutivo, garantindo o tempo e o espazo suficiente para evitar aglomeracións nos accesos á instalación e ao propio terreo de xogo
	STAFF FUTBOLISTAS		Avaliación e diagnose individual previo ó partido.	- Indicar ós membros do equipo que deben facerse obrigatoriamente unha autoavaliación previa a acudir o partido, consistente en descartar a presenza de síntomas asociados á COVID-19 tales como febre (máis de 37,5°), tose ou dificultade para respirar. No caso de ter algún destes síntomas, non se deberá acudir á actividade en ningún caso. - Obrigatorio realizar un control de temperatura por parte de persoal do club á chegada á instalación. - Prohibición de asistir ó partido no caso de estar diagnosticado como positivo de COVID-19 ata que dispoña da alta epidemiolóxica, no caso de estar pendente de resultados de probas diagnósticas do sistema sanitario ou de ser coñecedor de ter estado en contacto estreito nos últimos 10 días con algunha persoa positiva por COVID19
	STAFF FUTBOLISTAS	Persoa a persoa Vía aérea	Desprazamento á instalación.	- Uso da máscara en todo momento - Evitar compartir transporte con xente coa que non se convive na medida do posible. - No caso de desprazarse en coche compartido con xente coa que non se convive, manter un distanciamento máximo, evitar o contacto físico e evitar tocar obxectos do vehículo na medida do posible. Desinfección das partes do vehículo susceptibles de estar en contacto (cinturóns, manillas das portas, etc.) e ventilación do vehículo. - No caso de desprazamento en autobús, asegurarse de que o mesmo foi desinfectado antes do viaxe. Ademais, minimizar na medida do posible os compoñentes da expedición. Manter o distanciamento de seguridade e evitar o contacto físico así coma tocar obxectos do vehículo. Utilizar o mesmo asento no traxecto de ida e volta.
	STAFF FUTBOLISTAS	Persoa a persoa Vía aérea	Desprazamento á instalación.	Uso da máscara obrigatoria durante TODA a estancia na instalación, a excepción dos/as futbolistas cando realicen TAREFAS DE QUECEMENTO que permitan garantir en todo momento a distancia de seguridade interpersoal. Non obstante, a RFGF recomenda usar máscara

				en todo momento. • Idealmente, establecer zonas diferentes de ENTRADA e SAÍDA da instalación • Escalonar a entrada dos membros de cada clube • Designar unha persoa que reciba en nome do club ós/ás futbolistas/staff na zona sinalada de Entrada á instalación. • Dispor de xel hidroalcolico para o uso continuado dos asistentes á actividade por parte da entidade deportiva ou titular da instalación. • Recomendar tamén a cada membro do club traer o seu propio xel. • Obrigatorio realizar control de temperatura tamén no acceso á instalación • Evitar aglomeracións nas zonas de acceso.
	OUTROS ALLEOS	Persoa a persoa Vía aérea	Público.	• Permite o acceso de público
	STAFF FUTBOLISTAS	Persoa a persoa Superficie de uso secuencial/alternativo Vía aérea	Utilización dos vestiarios.	• Permite o uso de vestiarios
	STAFF FUTBOLISTAS	Superficie de uso secuencial / alternativo / simultáneo	Mochilas ou equipamento persoal .	• No caso de non poder usar o vestiario, habilitar unha zona específica para que os membros do equipo poidan deixar os seus equipamentos persoais. • Esta zona debe ser privada e dun tamaño suficiente para poder separar o equipamento de maneira segura. Idealmente ó aire libre ou ben ventilada. • O acceso a esta zona debe ser limitado e controlado en todo momento polo persoal do club ó que se lle asigne esta función. • Esta zona deberá ser desinfectada despois de cada uso.
	STAFF FUTBOLISTAS	Material de uso secuencial/alternativo	Utilización segura do balón	• Desinfección dos balóns antes e despois de cada partido. Idealmente, facelo sempre que se cambie o balón co que se está xogando o partido.
	STAFF FUTBOLISTAS	Vía aérea	Charla explicativa previa ao partido.	• Evitar a celebración destas charlas en espazos pechados (vestiarios...) • Uso de máscara en todo momento. • Manter a distancia de seguridade (+1,5 metros) e reducir a súa duración o máximo posible.
	STAFF FUTBOLISTAS	Compartir alimentos e bebidas	Uso compartido de botellas como método de hidratación.	• Prover a cada membro do equipo dunha botella para un uso individual durante toda a tempada marcada co nome e apelidos para evitar confusións no seu uso nos partidos. • Cada membro utiliza e manipula a súa botella, sen que sexa tocada por ningún máis. Non compartir botellas nunca.
	STAFF	Vía aérea Material de uso secuencial	Procedemento de entrega de listaxes e documentación	• Evitarase a manipulación e intercambio de papel na medida das posibilidades, tratando que este sexa responsabilidade dunha única persoa

			árbitros.	
MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDAS PROPOSTAS
DURANTE	STAFF FUTBOLISTAS	Persoa a persoa Vía aérea	Accesos ó terreno de xogo	• Marcar claramente zonas diferentes de ENTRADA e SAÍDA ó terreo de xogo • Evitar permanecer en zonas de acceso.
	STAFF FUTBOLISTAS	Persoa a persoa Vía aérea	Protocolo de saída e cerimonia de fair play previa ó inicio do partido (saúdo de mans)	• Sairá ó campo en primer lugar o equipo local, a continuación o equipo arbitral, e por último o equipo visitante. • Non se realiza cerimonia de pasamáns.
	STAFF FUTBOLISTAS	Persoa a persoa Vía aérea	Permanencia nos bancos.	• Ocupar o número de asentos que permita manter a distancia de seguridade (+1,5m) no banco. Determinar previamente a asignación dos asentos • Evitar a contacto físico. • Uso de máscara en todo momento. • Únicamente o adestrador principal poderá retirar a máscara en momentos puntuais para dar instrucións aos deportistas que estean xogando se fora imposible que o escoitaran coa máscara posta e neste caso deberá estar a máis distancia ca 1,5 metros e non dirixirse cara a cara aos deportistas. • En ningún caso poderá quitar a máscara para dirixirse aos deportistas que estean no banquiño, árbitros, etc. • Delimitar unha zona do graderío ou similar específica para o resto de suplentes/staff. • Desinfectar antes e despois do seu uso. • No momento de quecemento durante o partido, deberán manter sempre a distancia de seguridade e usar a máscara.
	STAFF	Persoa a persoa Vía aérea	Árbitros	• Uso obrigatorio de máscara • Utilizar silbato de man.
	STAFF FUTBOLISTAS	Persoa a persoa Vía aérea	Rotura da máscara.	• Alonxarse a distancia de seguridade e cambiala máscara • Desinfección de mans con auga e xabón ou con xel hidroalcolico antes de cambiar a máscara. • Deberán sempre ter recambios de máscara por se esto pasa.
	STAFF FUTBOLISTAS	Persoa a persoa Vía aérea	Desprazamento da máscara.	• Alonxarse a distancia de seguridade e cambiala máscara • Deberán sempre ter recambios de máscara por se esto pasa. Uso de máscara.
	STAFF FUTBOLISTAS	Material deportivo de uso secuencial	Uso colectivo de petos, sudaderas...	• Evitar compartir ou intercambiar petos, sudaderas ou outro material.

MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDAS PROPOSTAS
DESPOIS	STAFF	Vía aérea Material de uso secuencial	Entrega de acta ós equipos por parte dos árbitros.	Acta online na intranet

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA PARTICIPAR NA REANUDACIÓN DA LIGA MUNICIPAL DE FÚTBOL SALA 2019 / 2020

IDENTIFICACIÓN DO SOLICITANTE		
NOME DO EQUIPO:CATEGORÍA.....		
DELEGADO COVID19: *NIF:.....		
Domicilio a efectos de notificacións:....., C.P.:, Localidade:.....		
Teléfono.....	Móbil:.....	e-mail:.....

Solicito a participación na reanudación da tempada 2019/2020 do equipo denominado

SÍ ☐ desexo participar

NON ☐ desexo participar

Por medio da sinatura deste documento, a entidade referida, a través do seu representante, comprométese a:

1. Cumprir coa normativa en materia de protección da saúde motivada pola Pandemia Covid-19, xa sexa estatal, autonómica ou local, así como cumprir co Protocolo Covid-19 de uso das instalacións deportivas municipais do Concello de Arteixo, do que o club é coñecedor. O dito Protocolo foi posto a disposición do club por parte do Servizo Municipal de Deportes. Non obstante, o club é consciente de que este protocolo pódese ir modificando en función da evolución da pandemia. En todo caso, as modificacións tamén lle serán comunicadas ao club.
2. Manter a adhesión ao protocolo para todos os partidos oficiais da tempada
3. Comunicarlle ao Servizo Municipal de Deportes calquera caso positivo de Covid-19 que se coñeza dentro do equipo, sempre e cando se trate de persoas que acudan ás instalacións deportivas municipais.

En Arteixo, a ____ de _____ de 2022

Asdo. (nome da persoa que asina o documento)

D.:

RELACIÓN DEPORTISTAS

	NOME E APELIDOS	DNI
Responsable		
Deportista 1		
Deportista 2		
Deportista 3		
Deportista 4		
Deportista 5		
Deportista 6		
Deportista 7		
Deportista 8		
Deportista 9		
Deportista 10		
Deportista 11		
Deportista 12		
Deportista 13		
Deportista 14		
Deportista 15		